



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección de recursos humanos

Materia	Dirección de recursos humanos			
Código	V03G020V01303			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Velando Rodríguez, María Elena			
Profesorado	Cruz González, María Montserrat Sánchez Sello, Francisco Javier Velando Rodríguez, María Elena			
Correo-e	velando@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia centrada no estudo pormenorizado das estratexias, procesos, e técnicas da dirección de recursos humanos nas empresas			

Competencias de titulación

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección
A5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
A6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
A7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial
A10	Valorar, a partir dos rexistros relevantes de información, a situación e previsible evolución dunha empresa
A11	Tomar decisións estratéxicas utilizando diferentes tipos de modelos empresariais
A12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
A14	Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións
A16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B18	Compromiso ético no traballo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Lograr o manexo por parte do alumnado dos coñecementos, procesos e técnicas propias da dirección e xestión de recursos humanos; así como das principais prácticas e ferramentas que axudan a optimizar a contribución do capital humano nas organizacións, asumindo unha responsabilidade social e ética, e mostrando compromiso, cos efectos da súa práctica e as consecuencias da súa acción en calquera contexto de intervención, reflexionando sobre os seus propios posicionamentos.	A1 A5 A6 A7	B1 B2 B13 B18
Fomentar no alumnado as habilidades de procura, filtrado e interpretación da información relevante na área de recursos humanos e o seu emprego no desenvolvemento dun pensamento crítico e creativo que lle permita ó alumno fixar obxectivos, elaborar estratexias e planos de acción de recursos humanos coherentes co entorno ou tomar decisións na procura de solucións a problemas relativos á situación socio-laboral da empresa así como a emisión dos informes correspondentes	A10 A11 A12 A14 A16	B1 B2 B3 B10 B13
Facilitar no alumno o desenvolvemento tanto da autoxestión como das habilidades interpersoais, e da comunicación oral e escrita, potenciando o traballo en equipo		B5 B8 B9 B13 B18

Contidos

Tema	
BLOQUE I: FUNDAMENTOS DE RRHH	Tema 1: A función de recursos humanos na empresa. Tema 2: Dirección de recursos humanos na empresa. Tema 3: Fontes básicas de información na toma de decisións de recursos humanos (análise e avaliación de postos e avaliación do rendimento).
BLOQUE II: ACTIVIDADES BÁSICAS NA DIRECCIÓN E XESTIÓN DE RRHH	Tema 4: Planificación de recursos humanos na empresa. Tema 5: Estratexias, procesos e técnicas de compensación e retribución. Tema 6: Estratexias, procesos e técnicas de recrutamento, selección e socialización. Tema 7: Estratexias, procesos e técnicas de desenvolvemento dos recursos humanos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentacións/exposicións	2.5	10	12.5
Traballos tutelados	0	15	15
Resolución de problemas e/ou exercicios	7.5	7.5	15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	12.5	12.5
Titoría en grupo	7.5	0	7.5
Prácticas de laboratorio	20	35	55
Estudos/actividades previos	0	51	51
Sesión maxistral	37.5	16	53.5
Outras	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentacións/exposicións	Presentación e/ou exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo segundo a proposta do profesor/a
Traballos tutelados	O estudiantado, de forma individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc. Tratarase dunha actividade en grupo ou individual na que o alumnado recolle información, manexa bibliografía, elabora documentacions, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación, resolución, presentación e debate de exercicios/cuestións/problemas por parte do alumno, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios polo que é preciso que o alumno traballe previamente o material explicado polo profesor/a.
Titoría en grupo	Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia no proceso de aprendizaxe

Prácticas de laboratorio	Exercicios de aplicación práctica de diversas técnicas por parte do alumno a través das TIC en aulas de informática, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor/a
Estudios/actividades previos	Traballo autónomo do alumno que consistirá na procura, lectura e traballo de documentación, preparación e propostas de resolución de problemas e/ou exercicios, así como na preparación de probas avaliábeis
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxectos que debe desenvolver o estudante. Requírese que a participación activa do alumnado no aula. Ademais suele ser necesario que o alumnado traballe previamente o material entregado polo profesor/a.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización de actividades propostas, en particular.
------------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Cualificarase a presentación de traballos na aula valorando o calidade do contido, organización, argumentación, capacidade de resposta a críticas etc.	Junto con el resto de los elementos de evaluación, a excepción de la prueba final, un 40
Traballos tutelados	Cualificarase os traballos, valorando o comprensión da materia, organización, argumentación, a capacidade de transmisión de contidos, dominio da bibliografía, presentación, etc.	Junto con el resto de los elementos de evaluación, a excepción de la prueba final, un 40
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a comprensión da materia, a argumentación, capacidade de transmisión de contidos, presentación, etc.	Junto con el resto de los elementos de evaluación, a excepción de la prueba final, un 40
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Avaliarase a comprensión da materia, a argumentación, capacidade de transmisión de contidos, presentación, etc.	Junto con el resto de los elementos de evaluación, a excepción de la prueba final, un 40
Prácticas de laboratorio	Avaliarase a comprensión da materia	Junto con el resto de los elementos de evaluación, a excepción de la prueba final, un 40
Outras	Resolución dunha proba escrita presencial, ao final do cuadrimestre, sobre a adquisición de competencias de coñecemento, destreza na práctica, na que se inclúen preguntas de desenvolvemento, preguntas cortas, problemas, e/ou actividades a resolver nas que o alumno debe plasmar os coñecementos teóricos e prácticos da materia	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota obtida polo alumno nas distintas actividades, a excepción da proba final, terá vixencia para as convocatorias ás que da dereito a matrícula de cada curso académico.

As actividades de avaliación continua só se poderán entregar nas datas e sesións establecidas; ademais poderanse facer exames de avaliación continua o longo do semestre.

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS:

1. Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesor/a.
2. Non está permitido comer nin beber (agás auga) na clase.
3. É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento.
4. O plaxio total ou parcial nas actividades entregadas levará a invalidación das mesmas.
5. Para a realización dos exames só se permite o uso de elementos de escritura e calculadora.
6. O alumno deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co D.N.I, pasaporte ou carné de conducir, non sendo

válido outro documento.

7. Tódolos exames deberán ser entregados a súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula.

8. A revisión de exames terá lugar só no horario e lugar establecido polo profesor/a.

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesor/a poderá adoptalas medidas que estime oportunas dentro da lexislación vixente.

Bibliografía. Fontes de información

ALBIZU GALLASTEGUI, E. e LANDETA RODRÍGUEZ, J., **Dirección Estratégica de los Recursos Humanos. Teoría y Práctica.**, 2011,

ALLES, M.A, **Dirección Estratégica de Recursos Humanos**, 2006,

BYARS, L. e RUE, L., **Gestión de los Recursos Humanos**, 1996,

DE LA CALLE, M.C. e ORTIZ DE URBINA, M, **Fundamentos de Recursos Humanos**, 2004,

DESSLER, G., **Administración de Recursos Humanos**, 2009,

DELGADO M^a I., GÓMEZ L., VÁZQUEZ E., **Gestión de los Recursos Humanos, del Análisis Teórico a la Solución Práctica**, 2006,

DOLAN, S., VALLE, R., JACKSON, S e SCHULER, R.S., **La Gestión de los Recursos Humanos**, 2007,

FERNÁNDEZ AGUADO J., **Dirigir Personas en la Empresa. Enfoque conceptual y Aplicaciones Prácticas.**, 2007,

FISHER, C., SCHOENFELDT, L. e SHAW, J., **Human Resource Management**, 2003,

GARCÍA TENORIO, J. e SABATER, R., **Fundamentos de Dirección y Gestión de Recursos Humanos**, 2004,

LEAL, A., ALFARO DE PRADO, A., RODRÍGUEZ, L. e ROMÁN, M., **El Factor Humano en las Relaciones Laborales**, 1999,

ROBLEDO CAMACHO, M., **Un Enfoque Integral de la Dirección de Empresas**, 2004,

SASTRE CASTILLO, M.A. e AGUILAR PASTOR, E.M., **Dirección de Recursos Humanos. Un Enfoque Estratégico.**, 2003,

<http://www.expansionyempleo.com>,

<http://www.losrecursoshumanos.com/>,

<http://www.rrhddigital.com/>,

<http://www.rrhmagazine.com/>,

<http://www.empleo.gob.es/>,

<http://www.seg-social.es/>,

<http://www.sepe.es>,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203
